



EXCMO. CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: servizos

b) Descrición do obxecto: a prestación de actividades extraescolares e complementarias, servizo de apoio ó comedor incluídas dentro do Programa "Unha escola aberta" nos Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria da nosa cidade que se levan a cabo dende a Concellería de Educación, e a subministración de material funxible para este programa, todo elo, segundo o disposto no prego de prescricións técnicas elaborado pola Concellería de Educación do Concello de Lugo.

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: o coste máximo anual é de **219.506,84 euros, máis o 10% de IVE (21.950,68 euros)**, durante a primeira anualidade, polo que o presuposto máximo é de **241.457,52 euros, IVE incluído.**

5.- Adxudicación:

a) Data: 18 de setembro de 2014

b) Contratista: **A BILLARDA S.L**

c) Nacionalidade: española

d) Orzamento máximo do contrato: é de **185.051,02 euros anuais, IVE excluído**, ó que sumado o IVE (10%) resulta un prezo máximo anual do contrato de **203.556,12 euros, IVE incluído.**

Con respecto ás melloras; oferta: **200 horas anuais** para o **reforzo das actividades extraescolares** (custo/hora: 14 euros), IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **2.800 euros, IVE excluído.**

Oferta **4.000 horas anuais** para **reforzo do servizo de apoio ao comedor** (custo/hora: 9,53 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **38.120 euros, IVE Excluído).**






Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO
MLA/cml
Refª: ANUNCIO ADXUDICACION
Asunto: anuncio adxudicacion

6.- Prazo en que debe procederse á formalización do contrato:

A formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. O órgano de contratación requerirá ó adxudicatario para que nun prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel no que houbo recibido o requerimento proceda á formalización do contrato administrativo.

Lugo, 19 de setembro de 2014
O ALCALDE,
POR SUPLENCIA A OITAVA TENENTE-ALCALDE
(Decreto nº 14007770)



Asdo.: Rosana Rielo Rozas



MURALLA
patrimonio da humanidade